ISSN: 1138 - 5863

# Á Memoria de Arximiro Rico Trabada

A Revista *Sarmiento* quere ofrecer no presente número unha pequena homenaxe ao labor educativo e social dun mestre que fixo historia e que non tivo, polo de agora, o necesario recoñecemento público, máis alá do cariño que profesan á súa memoria os que o coñeceron: Don Arximiro Rico Trabada. Aínda que personificada nel, desexamos facer extensiva esta homenaxe a moitos outros mestres e mestras que permanecen no anonimato histórico, malia teren realizado unha importante contribución ao desenvolvemento cultural das nosas xentes, e sobre todo aos que pagaron coa vida o seu compromiso profesional e social.

Os textos que presentamos son da autoría de Narciso de Gabriel e Xosé Manuel Sarille. Un e outro deron coa figura de Arximiro seguindo distintos roteiros. O primeiro nunha investigación sobre as escolas de ferrado realizada no concello de Baleira (Lugo), que permitiu comprobar que moitos dos escolantes deste concello foran formados por este mestre. O segundo nun estudio sobre a represión en Montecubeiro (Castroverde-Lugo) durante a guerra civil, no decurso da cal ocorreu a dramática morte de Arximiro.

# In Memory of Arximiro Rico Trabada

This issue of the Journal Sarmiento pays homage to the educational and social work of an educator -Arximiro Rico Trabada- who made history, but who, until now, has not received the public recognition he deserves, although he is fondly remembered by all those who knew him. Although we have personified this homage in his figure, we wish to extend the acknowledgment to include many other teachers who have been ignored by history, despite the important contributions they made in promoting the cultural development of our people, and above all those who gave their lives to uphold their professional and social beliefs.

The texts that appear here were written by Narciso de Gabriel and Xosé Manuel Sarille. Both authors came across the figure of Arximiro in different ways. The former discovered this educator while doing research on schools of the "ferrado" (a measure of grain) in the municipality of Baleira. He found that many of the schoolteachers in the area were trained by Arximiro. The latter author was conducting a study on repression in Montecubeiro (Castroverde) during the Spanish Civil War when he learned of the dramatic death of Arximiro.

